

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE FEBREIRO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de febreiro de dous mil dezaioito, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e seis minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e di que retirado o punto 7 da orde do día polo grupo proponente da moción que nel figura para substituíla por outra que versa sobre o día internacional da muller, a efectos de poder debatila xunto con outras do mesmo tema, incluída a que figura no punto 2 da orde do día, cómpre modificar a orde do día para introducila por urxencia, e como hai outros dous asuntos nesa circunstancia de urxencia, propón un pronunciamento xa sobre os tres. (O Sr. Secretario tomará a palabra para indicar que tecnicamente a orde do día é a que figura na convocatoria, e non se trataría de modificala senón de someter á consideración do Pleno eses tres asuntos dentro do punto 11 da orde do día, MOCIÓN E ASUNTOS DE URXENCIA).

Os tres asuntos son:

- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN AO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.
- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE SOBRE O DESMANTELAMENTO PROGRESIVO DO NOSO HOSPITAL COMARCAL.
- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE APELACIÓN EN PROCEDIMENTO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO.

Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, di que tamén hai que incluír que fale a Asociación Amarcán –están presentes membros dela entre o público asistente-, calquera Grupo pode incluílo como propio, está disposta a renunciar a algunha das súas mocións.



O Sr. Alcalde di que cando encaixe o pretendido por dita Asociación no Regulamento de Participación cidadá, entrará na orde do día. (Dna. Maribel García di que é un conflito innecesario). (Dna. Julia Rodríguez di que fará unha pregunta *in voce* sobre o albergue para animais e que así se trate o asunto na sesión).

O Sr. Alcalde somete a votación o que el propón e obtén oito votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte). (A votación queda interrompida, ao abandonar o Pleno Dna. Pilar López e os demais membros da Corporación non adscritos a grupo). (Tamén abandonan a sesión os membros dos Grupos municipais do PP, de Esperta Monforte e do BNG). (Quedan presentes na sesión os seis membros do Grupo Socialista, quórum suficiente para que continúe a sesión plenaria, que é dun terzo do número legal de membros, segundo o previsto no artigo 90 do ROF).

O Sr. Alcalde somete de novo a votación a súa proposta, obtendo a unanimidade dos presentes na sesión. (Non se tivo en conta, e tampouco o advertiu o Sr. Secretario, que para a declaración de urxencia nunha sesión ordinaria do Pleno dun asunto non incluído na orde do día, requírese maioría absoluta, a teor do artigo 83 do ROF, o que nesta Corporación municipal supón un mínimo de nove votos a favor, o que non se acadou nesta votación e tampouco na primeira que quedou interrompida).

A continuación procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE XANEIRO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 29 de xaneiro de 2018.

PARTE RESOLUTIVA

2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No Día 8 de Marzo, o Grupo Municipal Socialista manifesta, un ano máis, o seu compromiso coas mulleres, coa defensa dos seus dereitos e coas políticas de igualdade como instrumento para avanzar cara a unha sociedade democraticamente máis xusta e equilibrada na toma de decisións entre homes e mulleres.

Recoñecemos os avances que ao longo das décadas desenvolvéronse no noso país en materia de igualdade, pero á vez tamén recoñecemos os retrocesos e recortes que veñen producindo nas políticas de igualdade, especialmente no ámbito local debido ao cambio lexislativo que modificou substancialmente o ámbito de competencias dos Concellos nestas áreas.



Non pode haber unha sociedade verdadeiramente democrática se non somos capaces de eliminar os comportamentos e actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación. E ese machismo, froito do patriarcado máis rancio e máis prexudicial para as mulleres esténdese en todos os ámbitos, desde o familiar, social e laboral ata a máis cruel das manifestacións como é a violencia de xénero que se exerce cara ás mulleres.

Unha sociedade libre de machismo é o noso obxectivo. Por iso, con motivo da conmemoración do 8 de Marzo, desde o Grupo Municipal Socialista seguimos reclamando medidas e políticas para un verdadeiro cambio social que supoña unha profunda transformación estrutural na que as mulleres sexan protagonistas e copartícipes.

Neste sentido, unha das maiores desigualdades que viven as mulleres é a que se corresponde ao ámbito laboral, por iso, desde o Grupo Municipal Socialista apoiamos que o noso país conte cunha Lei de Igualdade Laboral que contribúa a erradicar as diferentes situacións de discriminación que teñen as mulleres no acceso ao emprego, a promoción profesional, a eliminación da brecha salarial, que xunto á precariedade e a temporalidade, conforman a columna vertebral da desigualdade laboral das mulleres.

Porque as mulleres sufriron e seguen sufrindo en maior medida as consecuencias da crise. Porque as mulleres teñen de ganancia media anual preto de 6 puntos menos de diferenza con respecto á dos homes. Porque a taxa de actividade das mulleres é preto de 10 puntos menor que a dos homes. Porque a taxa de paro das mulleres é máis de 4 puntos por encima que a dos homes. Porque o traballo a tempo parcial nas mulleres representa aproximadamente un terzo máis que o dos homes. Porque a brecha salarial sitúase de media nun 23% en detrimento do salario das mulleres. Porque a taxa de emprego entre mulleres redúcese co número de fillos fronte á dos homes que aumenta. Porque as pensións das mulleres son de menor contía que as dos homes.

Por todas estas razóns e en definitiva porque a pesar dos avances en políticas de igualdade, aínda persisten graves discriminacións de xénero e estereotipos de carácter sexista que impiden ás mulleres participar en igualdade de condicións en todos os ámbitos da sociedade,

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1.- Solicitar ao Equipo de Goberno a elaboración dun estudo/informe sobre a situación laboral e salarial dos traballadores e as traballadoras do Concello, no que se recollan ademais as medidas adoptadas en materia de igualdade laboral ou as que se teñan que establecer no seu caso, ao obxecto de erradicar as posibles discriminacións nesta materia.

2.- Solicitar ao equipo de Goberno a elaboración e presentación para a súa aprobación dun Plan de Igualdade específico para os traballadores e traballadoras do Concello, no que figuren as diferentes medidas a adoptar para eliminar calquera discriminación de xénero e contemple as medidas que se consideren ao obxecto de facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 27/03/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 27/03/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2018 15:40:58



3.- O Pleno do Concello solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a presentación e aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Marina Douton Rajo, portavoz suplente do Grupo Socialista, que le un texto non coincidente co da moción pero na liña do que nela figura.

De Dna. Marina Douton Rajo, que di en segunda quenda que no Concello de Monforte estamos elaborando o III PIOM (Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello). Pasouse unha enquisa para saber as inxerencias. Solicitamos apoio á Lei de Igualdade.

(Para evitar a incongruencia que se produciría, suprímese nos puntos 1 e 2 do acordo da moción que a solicitude se faga por “todos os grupos municipais”).

3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN AO APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS LABORAIS DOS FUNCIONARIOS E FUNCIONARIAS DE XUSTIZA DE GALICIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O 16 de novembro de 2017 os traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza facían concentracións ante as sedes xudiciais das sete principais cidades de Galicia para reclamar algo tan básico ao Goberno Galego como o feito de acabar coa discriminación que sofren os funcionarios/as deste sector no noso país con respecto aos doutras comunidades autónomas.

A negativa dos máximos dirixentes da Xunta de Galicia e do Partido Popular a escoitar a xusta reivindicación destes traballadores/as e a sentarse a negociar en serio unha solución, derivou na convocatoria os días 1 e 13 de decembro dunha folga do sector.

Debido a estas mobilizacións e á presión política exercida no Parlamento de Galicia polo PSdeG-PSOE e o resto de grupos da oposición, o Grupo Popular, co Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, á cabeza, votaba a favor das reivindicacións deste colectivo, lográndose así, polo menos sobre o papel, un apoio unánime da cámara galega aos traballadores/as de Xustiza.

Posteriormente, a partires do 19 de decembro, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais celebrábanse 3 xuntanzas para acadar un acordo nos 5 puntos esixidos ata que, de novo, o señor Rueda amosou a súa dobrez, non respectando a decisión unánime do pleno do Parlamento que el mesmo votara e demolendo os tímidos avances acadados pola mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.



Todo isto aboca a unha nova xornada de folga o día 25 de xaneiro, transformada logo do 7 de febreiro na actual folga indefinida que está a vivir a Administración de Xustiza, e que está a ocasionar xa, pola cerrazón e inmovilismo do Goberno de Feijóo e, particularmente do seu Vicepresidente, Alfonso Rueda, serios inconvenientes ao conxunto da cidadanía galega.

Serios polos retrasos que se están a vivir, pero serios tamén porque o efectivo goce de Dereitos e Liberdades e o crecemento económico que diso se deriva fan imprescindible contar cun bo sistema de Xustiza.

Pese a isto, nos últimos anos a Xunta de Galicia non soubo facer fronte á crise económica e tentou capear o temporal, como en tantos outros campos, realizando unha xestión ineficiente e optando polo camiño máis fácil, pero máis destrutivo para os dereitos da cidadanía: recortes de persoal, redución de salarios aos funcionarios/as, que entre 2013 e 2016 perderon de media o equivalente a 3 pagas extraordinarias.

En definitiva, atopámonos nun momento de grave risco para o funcionamento eficaz do servizo público de Xustiza no noso país, as políticas da Xunta, baixo a escusa da austeridade, están a derivar as súas prestacións en favor de intereses privados, temos un servizo ineficaz e ineficiente da Oficina Xudicial e, como consecuencia, órganos xudiciais saturados e un funcionariado mal distribuído e explotado ao ter que asumir unha carga de traballo extra debido á escaseza de persoal e recibir por iso, aínda por riba, un salario inferior ao que reciben os seus homólogos no resto de comunidades autónomas.

Ante todo elo, é de xustiza que a cidadanía amose todo o seu apoio ás traballadoras e traballadores deste sector, que non poden consentir que os seus dereitos sigan minguándose e con eles, tamén os dereitos de todos e todas nós. Por iso, debemos solidarizarnos cunhas reivindicacións que cremos máis que xustas, como son, a equiparación en baixas médicas con Xuíces, Letrados Xudiciais e Fiscais, a devolución de partidas salariais que lles foron recortadas entre 2013 e 2016, os descontos por incapacidade laboral ou substitucións e creación das prazas ocupadas por funcionarios de reforzo, equiparación salarial entre persoal fixo e substitutos, así como o complemento autonómico transitorio, coa fin de diminuír a discriminación salarial que sofren as nosas funcionarias e funcionarios respecto dos do sector noutros territorios do Estado.

O Pleno da Corporación Municipal de Monforte de Lemos, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1. Amosar o seu apoio á convocatoria de folga e ás xustas reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza de Galicia.
2. Instar á Xunta de Galicia e, nomeadamente, ao seu Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, a escoitar a eses traballadores/as e a negociar unha solución que poña fin á súa discriminación e permita devolver á normalidade o funcionamento das sedes xudiciais do noso país.”

No debate deste asunto produciuse a seguinte intervención:

Pleno da Corporación
Sesión ordinaria do 26.02.2018

Páxina 5 de 8



DOCUMENTO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200026D3100P9B0B9W8T2V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 27/03/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 27/03/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2018 15:40:58

DOCUMENTO: 20180159025



De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que le a moción e renuncia á segunda quenda.

4. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O EN CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

Non están presentes na sesión nin as concelleiras nin o concelleiro que presentan a moción.

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A AMPLIACIÓN DA ZONA ARI AO BARRIO DA ESTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS PARA A SÚA DINAMIZACIÓN.

Non está presente na sesión ninguén do Grupo que presenta a moción.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE ACTUACIÓN S NECESARIAS NAS RUAS VICENTE RISCO, RAIMUNDO PATIÑO E LUIS SEOANE.

Non está presente na sesión ninguén do Grupo que presenta a moción.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE.

O Grupo proponente dixo na Comisión informativa que retiraban esta moción; en calquera caso, non está presente na sesión ninguén do Grupo.

8. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA HOMENAXEAR Á ATLETA MONFORTINA SALETA FERNÁNDEZ.

Non están presentes na sesión nin as concelleiras nin o concelleiro que presentan a moción.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA APOIAR A REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO.

Non está presente na sesión o concelleiro do Grupo que presenta a moción.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA RECUPERAR A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS FLUVIAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Non está presente na sesión o concelleiro do Grupo que presenta a moción.

11. MOCIÓN S E ASUNTOS DE URXENCIA.

(Segundo o que figura ao inicio da sesión, non se deberon tratar asuntos neste punto. As dúas mocións estaban en calquera caso nas circunstancias vistas nas da orde do día sen presenza de quen as propuxera).



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 27/03/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 27/03/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2018 15:40:58



(Non obstante, por non terse en conta a falta de quórum que xa quedou indicado, si se tratou o asunto referido á interposición dun recurso de apelación contencioso-administrativo, que foi explicado polo Sr. Secretario, e votado a favor, por unanimidade dos presentes na sesión, o acordo de “*Interpoñer en ambos efectos, segundo o previsto no art. 83.1 da Lei 29/1998, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, recurso de apelación para ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra a sentenza nº 29/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, recaída en primeira instancia no Procedemento Abreviado 0000438/2016 P*”. Debe considerarse que non é válido o acordo por non se ter aprobado co quórum necesario o tratar o asunto nesta sesión).

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

12. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 23.01.2018 a 20.02.2018.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23 de xaneiro de 2018 e o 20 de febreiro de 2018.

13. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 30.01.2018 e de 09.02.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

14. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 4º TRIMESTRE DE 2017 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAFF.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 4º trimestre de 2017, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

15. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 4º TRIMESTRE DE 2017.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 4º trimestre de 2017, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 12,73.

16. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2017.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 27/03/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 27/03/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2018 15:40:58



A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 4º trimestre de 2017:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

17. ROGOS E PREGUNTAS.

(O Grupo do BNG presentou tres rogos por rexistro, o Grupo do PP un total de seis rogos e preguntas por rexistro e un rogo ao comezo da sesión, o Grupo de Esperta Monforte presentou un rogo por rexistro e as/o concelleiras/o non adscritas/o presentaron por rexistro un total de sete rogos e preguntas. Non está presente ninguén de todos/as eles/as para formular ditos rogos e preguntas)

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e corenta e un minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

(ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 26/03/2018)



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 27/03/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 27/03/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/03/2018 15:40:58

